

Visita

'Bosques e brañas do Alto Sil e do Parque Natural Fuentes del Narcea, Degaña e Ibias'

23, 24, 25 de xullo

PROGRAMA

Sábado, 23

9h **Partida.** O punto de encontro será Pontearreas; saída 294 da A52.

13h **Paseo "O voluptuoso Val de Fontaninas". (Alto Sil)**

Ruta linear Lonxitude, 7km Altitude, 1100m-1270m Dificultade, baixa

No Alto Sil, o paseo agradábel descobre exemplos vibrantes dos ecosistemas deste espazo.

Así, bidueirais voluptuosos, pastos de montaña, a expansión das faias, matogueiras atlánticas europeas, bosques de aluviós, carballeiras,..
O impacto paisaxístico elevado...

17,30h **Visita guiada á Aula Xeolóxica de Robles de Laciana**

Aula xeolóxica con pezas únicas de minerais e fósiles do Cordal Cantábrico onde destaca a flora fósil pola súa abundancia e conservación.
Para non perdermos..

19h **Hospedaxe no Albergue**

Domingo, 24

10h **Paseo "O Bosque de Mual, Porta de Muniellos" (P.N. Fuentes del Narcea)**

Ruta circular Lonxitude, 8,5Km Altitude. 580m-1010m Dificultade. Baixa-moderada

A voluptuosidade do Bosque de Mual reflíctese nos extensos e sobrecolledores bosques de faias, e nas reboleiras montanas, nas carballeiras albares e nos castiñeiros. A diversidade de ambientes aumenta co mosaico do Val de Mual, a visión da parte baixa da Reserva de Muniellos e o Porto Connio.

16,30h **A cultura cunqueira. Visita á Guarida Cunqueira. (P.N. Fuentes del Narcea)**

En Trabau, no Parque Natural, restan as últimas cunqueiras. Mais non pensemos que o oficio rematou. Rosa e a súa familia, descendentes de cunqueirus, son a nova seiva que permite manter o oficio en pé.

As artesás cunqueiras tallaban a madeira cun torno a pé. Fabricaban *escudiellas*, *barberas*, *cachus para o viño*, *friameiras con tapas*, *artesas e pezas diversas*. Logo, íanas vender os homes a Estremadura e Andalucía. As madeiras utilizadas eran o

freixo, salgueiro, bidueiro, pradairo, ulmeiro e castiñeiro, secadas durante unha temporada e curadas con fume.

Da vida dos cunqueiros, falaranos Rosa, cunqueira e escritora na lingua das persoas tixeleiras....e para rematar, un obradoiro cunqueiru.

18h Descanso.

Luns, 25

9,30h. Paseo “As montañas do Alto Sil. As brañas da Seita e Zarameo” (Alto Sil)

Ruta linear Lonxitude, 10Km Dificultade, Moderada Altitude. 900m-1500m

Atopámonos nas montañas do Alto Sil. A ruta fascina.

O bosque de ribeira dá paso en altitude ao Bosque de Pando e ao Bosque do Reventón, fermosos bosques mixtos de carballos, xardóns, teixos e pradairos, que se intercalan entre as brañas da Xeita e do Zarameo, os pasteiros e as comunidades vexetais asociadas a estas nestas altitudes. Alí decatáremos da verdadeira dimensión do Alto Sil.

Un momento de gran beleza.

14h. Remate